

## APROXIMACIÓN AO ESTUDO FORMAL DOS ALCUMES DE LEIRADO (SALVATERRA DE MIÑO - PONTEVEDRA) E VILAVERDE (SANTA MARÍA DE QUINS, MELÓN - OURENSE)

Anafr Rodríguez Rodríguez e Xosé Manuel Moo Pedrosa

### 1. Introdución

O obxecto desta comunicación é o estudo dos alcumes dende un punto de vista esencialmente morfosintáctico. Para isto partimos dun corpus recollido en dúas localidades galegas: Leirado (parroquia pontevedresa do Concello de Salvaterra de Miño) e Vilaverde (lugar da parroquia ourensá de Santa María de Quins, sita no Concello de Melón). O motivo que nos levou a estudar en conxunto os alcumes de dous lugares xeograficamente afastados foi pretender que a mostra resultase o máis representativa posible no que se refire á zona suroccidental de Galicia e poñer de manifesto que apenas existen diferenzas canto á formación destes nomes, independentemente da provincia onde sexan recollidos.

A análise centrarse en dous núcleos básicos: primeiro tentarase esclarecer o lugar que ocupa o alcume como palabra ou unidade frástica dentro das clasificacións que se viesen establecendo nas gramáticas, tanto dende unha perspectiva semántica coma morfosintáctica; posteriormente tratarase o alcume dende un punto de vista estritamente formal, atendendo á morfoloxía flexiva, derivativa e compositiva.

### 2. O alcume: ¿ nome propio ou común?

Dende un punto de vista semántico, os substantivos véñense dividindo tradicionalmente en dúas categorías principais:

Por un lado están os substantivos propios, que nomean seres únicos na súa especie, individualizándoos, e onde se inclúen, entre outros, os nomes de persoas, de animais, de cousas personificadas e os topónimos.

Polo outro, os substantivos comúns, que nomean especies ou seres dunha especie. Estes substantivos clasifícanse, á súa vez, en abstractos e concretos, os concretos

Anafr Rodríguez e Xosé Manuel Moo

---

en continuos e descontinuos e os descontinuos en individuais e colectivos. Aquí, polo tanto, estarán situados todos os substantivos que non se inclúen dentro da categoría de nome propio.

Seguindo este criterio, os alcumes deberán formar parte dos substantivos propios, xa que designan un individuo. Así e todo, ¿pódease afirmar que o alcume cumple as características fundamentais do nome propio ou trátase dun nome propio especial?

R. Álvarez e X. Xove describen na *Gramática da lingua galega* (2002:376) os trazos principais que diferencian o nome propio do común:

Os nomes propios «carecen de significado léxico de clase e só establecen referencias a entes únicos». Os substantivos comunes «teñen significado de “clase”, a partir do cal as posibilidades referenciais son moi amplias».

Os alcumes, ao igual cos substantivos propios, carecen de significado de clase, pero comparten cos comunes a posibilidade de ter varios referentes. Así, no caso de *O Torno*, pójese afirmar que ten un único referente coma calquera outro nome propio de persoa, pero *Os Tornos* —que ten como último referente *O Torno* e que o pode incluír— designa un colectivo formado polos membros da familia deste.

O referente dos nomes propios «é constante, fixo para cada un (...) e polo tanto é definido de seu, sen necesidade de determinantes específicos». O referente dos comunes «é contextual, variable, e precisan de determinantes ou modificadores para estableceren referencias definidas».

Os alcumes coinciden cos nomes propios en que teñen un referente constante, pero, con todo, nalgúns casos, ao igual que acontece cos substantivos comunes, precisan do actualizador para determinar este referente. No caso de *O Sargento / A Sargento* ou *O Perdís / A Perdís* podemos comprobar cómo un mesmo substantivo (*Sargento*, *Perdís*) precisa do determinante para esclarecer cál é o referente.

Os nomes propios «carecen de oposición de número e de determinacións mediante cuantificadores». Os nomes comunes «teñen oposición de número (morfema obrigado de número) e admiten determinacións mediante cuantificadores. Poden ter morfema de xénero».

Os alcumes comparten cos nomes comunes a posibilidade de ter oposición de número (*O Pexego*, *Os Pexegos*; *O Rachado*, *Os Rachados*) e tamén de xénero (*O Moucho*, *A Moucha*; *O Carrolo*, *A Carrola*; *O Nigrán*, *A Nigrana*).

Os nomes propios, por último, «admiten outros determinantes e modificadores, pero son infrecuentes e non poden ser restritivos». Os comunes «poden ser obxecto de todo tipo de determinacións e modificacións».

Ainda que non sexa moi habitual, os alcumes poden ser modificados, mesmo de forma restritiva. Isto ocorre, por exemplo, no caso de *O Chispa*, que, dependendo de se fai referencia ao pai ou ao fillo, vai acompañado do adjetivo *vello* ou *novo* respectivamente (*O Chispa vello* e *O Chispa novo*).

Os alcumes, ademais, comparten con ambos os tipos de nomes o feito de poder ser homófonos, pois distintas realidades extralingüísticas son susceptibles de recibiren un mesmo alcume. Hai varias persoas alcumadas *O Palancas* ou varios *O Carioca*, aínda que contextualmente estes sobrenomes se refiran a unha persoa individual.

## Aproximación ao estudo formal dos alcumes de Leirado e Vilaverde

Como se puido comprobar, os alcumes son unha clase de substantivos que non acaba de encaixar totalmente en ningunha destas dúas categorías, xa que posúe características exclusivas do substantivo propio (fundamentalmente no nivel semántico: serven para nomear unha persoa, individualizándoa) e a un tempo tamén comparten características co substantivo común (sobre todo no que atinxe ao nivel morfosintáctico). Canto a isto, débese ter en conta que a maioría dos alcumes teñen a súa orixe en substantivos comuns e en adjetivos.

O seguinte apartado que se vai tratar é o da morfoloxía flexiva do alcume. Pero antes disto, cómpre deixar claro que o artigo é un constituyente formal deste tipo de nomes, xa que, como veremos, é pertinente ao establecer diferenzas gramaticais (masculino / feminino; singular / plural). Polo tanto, podemos considerar o alcume como unha unidade frástica exocéntrica formada por dous constituyentes entre os que se establece unha relación de interdependencia: un nominal, que pode ser un substantivo ou un adjetivo substantivizado, e un determinante, que normalmente é un artigo determinado, aínda que en certos contextos poida ser substituído por outros determinantes con distintos valores. Por exemplo, en *Esta Rexona é o demo*, o artigo determinado (*a*) é substituído por un demostrativo (*esta*) que lle concede ao alcume un valor enfático ou expresivo.

Unha estrutura semellante é a que presentan tamén algúns topónimos, nos cales a relación que se establece entre o artigo e o nome é de interdependencia. Así mesmo este artigo pode ser substituído por outros determinantes, normalmente con valor funcional: *O Covelo medrou moito nos últimos anos / Ese Covelo non é o que eu coñecera hai anos*. Neste último exemplo, o demostrativo *ese* non forma parte do topónimo, senón que funciona como desctico.

### **3. Morfoloxía flexiva do alcume**

#### **3.1. O xénero**

O xénero é unha categoría gramatical propia dos substantivos que marca a oposición *masculino / feminino*. Os artigos e modificadores que acompañen ese substantivo deben concordar con el. Como substantivos que son, os alcumes posúen oposición de xénero, que, neste caso ademais coincide coa oposición de sexo, xa que o referente son persoas.

Con todo, esta definición, debe ser matizada canto aos alcumes, xa que posúen unhas características propias, que os diferencian do resto dos substantivos.

Xeitos de marcar a oposición de xénero:

##### **a) Expresada mediante morfemas (alcumes variables):**

- Cambio da terminación (masculino *-o*, feminino *-a*): *A Carriza / O Carrizo; O Chasco / A Chasca; O Carrolo / A Carrolla; O Ghicho / As Ghichas; O Moucho / A Moucha; O Pexegho / A Pexegha; O Porrando / A Porranda; A*

Anafr Rodríguez e Xosé Manuel Moo

*Ramboa / O Ramboio; A Sueida / O Sueido; O Torno / A Torna; O Varilo / A Varila; O Vasquido / A Vasquida.*

No caso dos alcumes, o morfema de xénero aplícase independentemente de que o substantivo do cal proceden sexa variable ou invariable. Así, no corpus rexistranse casos coma *O Chasco / A Chasca; O Carrolo / A Carrola; O Moucho / A Moucha; O Pexegho / A Pexegha; A Ramboa / O Ramboio* que confirman o dito. A este respecto, Fernando Tato Plaza, no seu estudo sobre os alcumes en *A taberna do galo*, de Celso Emilio Ferreiro, apunta que «a feminización do substantivo non está tanto en relación co xénero do designado coma no efecto expresivo que se deriva da nova creación» (Tato Plaza, 1992:367).

- Cambio de terminación (masculino *-e*, feminino *-a*): *O Farroque / A Farroca.*
- Cambio de terminación (masculino *-e*, feminino *-esa*): *O Abade / A Abadesa.*
- Cambio de terminación (masculino *-án*, feminino *-ana*): *O Nighrán / A Nighrana; Os Cataláns / A Catalana.*

b) Mediante determinantes (alcumes invariables):

- Nos substantivos invariables, o xénero non o marca un morfema, senón o determinante ou modificador que debe concordar con el.

No corpus atópanse algúns alcumes deste tipo: *O Perdís / A Perdís; O Brinca / A Brinca; O Chispa / A Chispa; O Machiné / A Machiné; O Pichinchas / A Pichinchas.* Nestes casos o nominal mantén a mesma forma para o masculino e para o feminino, pero o que nos informa de se o referente do alcume é unha persoa do sexo masculino ou feminino é o artigo determinado que o acompaña en cada caso.

- Cando o nominal do alcume é feminino e alude a un home, o xénero masculino do referente vén marcado polo determinante, o que provoca unha falta de concordancia gramatical entre o determinante e o nominal. Tal é o caso de: *O Batallas; O Carreña; O Costilla; O Chabolas; O Chispa; Os Eiras; O Esponxa; O Fervida; O Fraghiña; O Gherras; O Maceiras; O Marruecas; O Mazarocas; O Palancas; O Pallas; O Parranda; O Pelicas; O Peliquiñas; O Picaretas; O Pisas; O Pisallas; O Pita; O Porteliñas; O Portelas; O Reumas; O Sarita; O Sidoria; O Tella; O Veigha; O Verghas.* O mesmo ocorre cando o referente é feminino e o alcume procede dun substantivo masculino: *A Sargento.*

O elemento que marca a concordancia é en todos os casos o determinante que funciona de actualizador do nominal. Un exemplo disto é *O Chispa vello*, en que o modificador (*vello*) concorda co determinante masculino (*o*) e non co substantivo feminino (*Chispa*).

*Aproximación ao estudo formal dos alcumes de Leirado e Vilaverde*

---

Elena Bajo Pérez, en *La caracterización morfosintáctica del nombre propio* (2002:43) considera que:

Muchos apodos son sustantivos invariables, y es que, con frecuencia, aunque originalmente se hayan acuñado para una persona concreta, acaban aplicándose a todos los miembros de su familia, sean mujeres o varones, y por tanto serán sustantivos masculinos o femeninos dependiendo de a quién se apliquen y con independencia de cuál sea el género original de la palabra: por ejemplo, *el Torturitas* (masculino singular), *la Torturitas* (femenino singular), *los Torturitas* (masculino plural), *las Torturitas* (femenino plural).

Como conclusión pódese afirmar que, canto ao xénero, os alcumes compórtanse dun xeito distinto ao resto dos substantivos, xa que, como se viu, nalgúns casos o morfema de xénero aplícase independentemente de que o substantivo do cal proceden sexa variable ou invariable e noutros mesmo se poden dar casos de falta de concordancia gramatical entre o determinante ou o modificador e o nominal.

### 3.2. O número

O mesmo có xénero, o número é unha categoría gramatical propia dos substantivos, pero que neste caso marca a oposición *singular / plural*. Así mesmo, os artigos e modificadores que acompañen ese substantivo deben concordar con el en número. No caso dos alcumes tamén se dá esta oposición, que está marcada mediante morfemas:

- Os rematados en vogal engaden *-s*: *O Curucho / Os Curuchos; O Pexegho / Os Pexeghos; O Vasquido / Os Vasquidos*. No caso de *O Eiro / Os Eiras; O Prexegheiro / Os Prexegheiras* non se crea o plural agardado *Os Eiros* e *Os Prexegheiros*, respectivamente, senón que o plural aplícase a *Eira* e *Prexegheira*, despois dun proceso de feminización. Distinto é o caso de *A Atraca / Os Atracos* e *O Ghicho / As Ghichas*, xa que o cambio de xénero vén motivado polo referente masculino ou feminino. No caso de *O Xoque*, alcume formado a partir do hipocorístico de Xoaquín, rexístrase na aldea de Vilaverde o plural *Os Xocas*, no canto do esperable *Os Xoques*. Aquí o plural fórmase a partir doutro dos hipocorísticos do nome de pía Xoaquín (*Xocas*).
- Normalmente os nomes agudos rematados en *-s* engaden *-es*, pero non se atopa no corpus ningún destes casos. Si se recolle o alcume *O Tavis*, en que o esperable sería o plural *Os Tavises*, pero neste caso o plural fórmase a partir dun feminino *Tavisa*, por mor de que a forma plural ten como referente seres sexuados femininos: *As Tavisas*.

Anafr Rodríguez e Xosé Manuel Moo

---

- Os rematados en -z engaden -es: *A Perdls* [con seseo implosivo propio da microsubárea do Condado] / *As Perdices*, *O Diz* / *Os Dices*.
- Os rematados en -n engaden -s: *O Perdighón* / *Os Perdighóns*.
- É común a existencia de alcumes que posúen un nominal con forma plural aplicados a referentes en singular. Neste caso é o determinante quen marca o número do alcume: *O Caminitos*; *O Chabolas*; *O Ghanguenas*; *O Maceiras*; *O Manducas*; *O Marabillas*; *O Maravallas*; *O Marchenas*; *O Mazarocas*; *O Palancas*; *O Pallas*; *O Pardellas*; *O Pelicas*; *O Picaretas*; *O Pichinchas*; *O Pisas*; *O Pisallas*; *O Pitiscas*; *O Porteliñas*; *O Potrellas*; *O Portelas*; *O Reumas*; *O Verghas*; *O Xiricas*. De xeito paralelo ao que acontecía verbo do xénero, establecese unha falta de concordancia entre o nominal e o determinante.
- Moito menos abundante semella ser a forma singular do nominal aplicada a un referente plural: *Os Soutiño*. Posiblemente isto se deba a que, a nivel oral, é más común para os singulares facer o plural mediante o artigo plural (*os/as*) máis a preposición *de* contraída co artigo determinado (*dolda*): *os do Abade*; *os da Abadesa*; *os do Areal*; *os do Armeiro*; *os do Brinca*; *os do Capitán*; *os da Carrilana*; *os do Castaño*; *os da Colastra*; *os do Coxo*; etc.
- Tamén cómpre apuntar a variación formal que pode existir dentro dun alcume: *O Reuma* e *O Reumas* referido a un mesmo individuo.

Como conclusión respecto ao número, cabe dicir que, normalmente, na formación do plural os alcumes seguen as regras xerais. Noutros casos, tense en conta o xénero do referente: se o referente plural é feminino dáse un proceso de feminización do substantivo singular (*O Tavls* / *As Tavisas*), se é masculino prodúcese un proceso de masculinización (*A Atraca* / *Os Atracos*). A formación do plural tamén se pode acompañar dun proceso de feminización do substantivo con finalidade puramente expresiva (*O Eiro* / *Os Eiras*; *O Prexegheiro* / *Os Prexegheiras*). Ademais, como ocorra coa categorifa de xénero, pode non establecerse concordancia entre o determinante e o nominal (*O Palancas*, *Os Soutiño*), caso en que o determinante é o que marca o número do alcume.

#### 4. Morfemas facultativos na formación dos alcumes

Os morfemas facultativos (diminutivos, aumentativos e despectivos) polo xeral engaden ao nome, tanto ao substantivo coma ao adjetivo, significación de tamaño, magnitud ou aprecio sen modificar a categorifa gramatical da palabra base.

Lázaro Mora, en «Compatibilidad entre lexemas nominales y sufijos diminutivos» (1993:313) apunta que en situacions de maior busca de expresividade ou realce semántico, calquera substantivo pode recibir sufíxos, tanto diminutivos coma

## Aproximación ao estudo formal dos alcumes de Leirado e Vilaverde

---

aumentativos ou despectivos. No caso dos alcumes, ao seren creados nun ámbito oral non formal en que o que se pretende é conseguir un grao de expresividade máximo, o uso destes morfemas resulta de gran rendibilidade.

### 4.1. Morfemas facultativos diminutivos:

#### *-iño, -iña:*

Entre os formados con *-iño*, *-iña*, hai casos en que o diminutivo se engade a un alcume orixinario para crear outro novo. O más normal nestes casos é que o alcume con diminutivo faga referencia ao fillo ou a un parente de menor idade da persoa designada polo alcume primeiro: *O Diosiño* ‘fillo do *Dios*’; *O Peliquiñas* ‘fillo do *Pelicas*’; *As Porteliñas* ‘fillas do *Portelas*’; *O Raposeiriño* ‘fillo do *Raposeiro*’; *Os Torniños* ‘sobrífios do *Torno*’.

O diminutivo pode tamén matizar o significado orixinario da palabra base: *O Santana* > *O Santaniña* (con valor afectivo, referido á mesma persoa).

Noutros casos, o diminutivo xa está presente no nominal que forma parte do alcume; son, xa que logo, formas lexicalizadas. Sucede así nos formados mediante un topónimo: *A Bouciña*; *Os Soutiño*; ou mediante un antropónimo: *Os Martiños*; *As Meiriñas*.

En *O Rapiñijo* ou *O Ratiño*, o diminutivo reforza o valor do alcume. Así, *O Rapiñijo*, creado a partir dun trazo idiolectal do alcumado, que usaba como interpellación a forma «*Venia, rapiñijo, rapiñijo!*», conserva este valor expresivo. No caso de *O Ratiño*, referido a unha persoa de pequena estatura, o diminutivo reforza este significado.

#### *-ito:*

O uso deste morfema diminutivo propio do castelán reflíctese en *O Caminitos*, alcume en que se pode apreciar un uso claramente expresivo tanto do diminutivo coma da base a que se engade; téñase en conta que non se forma a partir do termo galego *camiño*, senón do préstamo do castelán *camino*.

#### *-elo, -ela:*

Só aparece en formas lexicalizadas, neste caso no alcume creado a partir dun topónimo: *A Buratela*.

#### *-ete, -eta:*

Co sufijo diminutivo masculino (*-ete*) rexistrase no corpus de Leirado o alcume *O Mariquete*. Para Tato Plaza (1992:368) o uso do diminutivo en casos coma este tende a mitigar o significado pexorativo de certas voces e apunta que «non parece aventurado poñelo en relación cun rebaixamento do efecto de crueza que o alcume, como apelativo de escarnio, poida portar».

Na zona de Vilaverde aparece a forma feminina deste diminutivo no alcume *A Sapeta*. Aínda que orixinariamente proceda da base lexical *sapo*, nesta

Anafr Rodríguez e Xosé Manuel Moo

zona, a palabra *sapeta* é unha lexicalización, xa que é o termo común con que se designa estes anfibios.

**-olo, -ola:**

Segundo Manuel Ferreiro (1997:187), este sufixo «fronte a *-iño* (...) pode presentar un leve valor depreciativo, con fortes connotacións de rexistro familiar e coloquial». No corpus recóllese o alcume *O Carreirola*.

**-ote, -ota:**

Aínda que normalmente este sufixo posúe un valor diminutivo, hai casos en que pode engadir significación pexorativa. Rexístranse con esta terminación os seguintes alcumes: *O Beirote*, *O Peghote*, *O Pinote*, *As Barbotas*, dos cales presenta un matiz claramente despectivo *As Barbotas*, adjetivo aplicado a persoas sucias e mal amañadas.

#### 4.2. Morfemas facultativos aumentativos e despectivos:

**-ón, -ona:**

Este sufixo, que é o de máis rendibilidade como aumentativo en galego, aparece en *O Cochón*, *O Tourón* e *O Virón*. O aumentativo pode presentar matizes despectivos. No caso de *O Cochón* a propia base léxica xa posúe estes trazos pexorativos. En *O Tourón*, o aumentativo reforza o significado da base (*touro*) aplicada a persoas fortes e brutanas. No que se refire a *O Virón*, o aumentativo forma un adjetivo a partir do verbo *virar* para referirse a unha persoa que padece estrabismo.

**-allo, -alla:**

Este é un sufixo pexorativo no alcume que se recolle na parroquia de Leirado: *O Pisallas*. Neste caso concreto, o sentido pexorativo vén reforzar o que xa presenta a palabra base (*pisa*) sobre a que se forma tamén outra variante do alcume referido á mesma persoa (*O Pisás*).

**-acho, -acha:**

Tamén con significado pexorativo figura o sufixo feminino *-acha* en *A Perracha*, sobre unha base lexical procedente do castelán.

Outros sufixos pexorativos recollidos neste corpus son *-arro*, *-arra* e *-ello*, *-ella*: *O Chiscarro*, *O Ghenerello*, *O Potrellas*.

#### 4.3. Morfemas derivativos na formación dos alcumes

Os morfemas derivativos son prefixos ou sufixos que se engaden a unha base léxica e que forman palabras novas, achegándolle significación gramatical. Nos alcumes do corpus traballado só se rexistran formas con sufixación.

### Aproximación ao estudo formal dos alcumes de Leirado e Vilaverde

O sufixo máis rendible é *-eiro*, *-eira* (aínda que con valor expresivo pode aparecer a forma castelá *-ero*, *-era*), con distintos significados:

- De profesión: *O Barbeiro*, *A Caseira*, *O Chanqueiro*, *O Ferreiro*, *O Ghaiteiro*, *O Latoneiro*, *O Panadeiro*, *Os Panadeiros*, *O Taberneiro*, *A Zapateira*.
- De procedencia: *O Brasileiro*.
- Sufixo xerador de construcións adjetivais: *A Carabinera*, *A Chocolatera*, *A Foghonera*, *A Gherrillera*, *O Raposeiro*, *Os Realeiros*, *A Sapeira*, *O Armeiro*, *A Battleira*.
- Formador de nomes de ábores froiteiras: *O Maceiras*, *O Prexegheiro*, *Os Prexegheiras*.

Outros sufíxos menos habituais son *-al* (sufixo abundancial que sempre aparece en formas lexicalizadas procedentes de topónimos): *O Areal*, *O Cerdeiral*, *O Chousal* e *O Toxal*; e *-nte*, que forma adjetivos derivados de verbos, co significado de ‘axente da acción’: *O Danzante*.

#### 5. Formación de alcumes mediante composición

Os compostos son nomes formados por dúas ou más palabras base que poden ser simples ou derivadas. O composto é unha unidade sintáctica e léxica que ten significado unitario. Na formación de alcumes tamén se emprega este procedemento. Así, rexistramos compostos formados por dous substantivos (*O Lubicdn*), por un adjetivo máis un substantivo (*O Mediommundo*), por un substantivo máis unha interxección (*O Burroxo*) e por un verbo máis un indefinido (*O Brincatudo*).

#### Conclusión

Visto o anterior, pódese concluír dicindo que os alcumes presentan unhas características semánticas e morfosintácticas propias que os diferencian do resto dos nomes. A nivel semántico, comparten características tanto cos propios coma cos comúns, xa que designan seres únicos e os individualizan, pero poden ter varios referentes. A nivel morfosintáctico os alcumes tamén posúen características dos nomes propios e dos comúns: non poden ser cuantificados pero si teñen oposición de xénero e número; non é habitual que sexan modificados, pero si que poden ter modificadores restritivos.

Ademais disto presentan trazos que semellan ser exclusivos, coma a falta de concordancia de xénero e número entre o determinante e o nominal, que mesmo pode afectar os modificadores ou a creación de plurais a partir de procedementos de feminización ou masculinización tendo en conta o xénero do referente.

Anafr Rodríguez e Xosé Manuel Moo

**Corpus de alcumes de Leirado [L] e Vilaverde [V]**

[V] Abade, O	[V] Castellano, O	[L] Fradique, O
[V] Abadesa, A	[L] Catalana, A	[L] Fragliña, O
[V] Areal, O	[V] Cataláns, Os	[L] Ghaiato, O
[L] Armeiro, O	[L] Cerdeiral, O	[V] Ghaiteiro, O
[L] Atraca, A	[L] Cirrio, O	[V] Ghandaia, O
[L] Atracos, Os	[L] Cochón, O	[L] Ghanguenas, O
[V] Bambaré, O	[V] Coenillo, O	[L] Gharabincho, O
[L] Barbeiro, O	[V] Colastrá, A	[L] Gharduña, A
[V] Barbotas, As	[L] Conde, O	[L] Ghenerello, O
[L] Batallas, O	[L] Costilla, O	[L] Gherras, O
[L] Batalleira, A	[V] Covelana, A	[L] Gherrillera, A
[V] Beirote, O	[L] [V] Coxo, O	[V] Ghichas, As
[L] Belermina, A	[L] Cura (do)	[V] Ghicho, O
[L] Boi, O	[L] Curucho, O	[V] Ghotaghá, O
[V] Bolero, O	[L] Curuchos, Os	[L] Ghrufia, A
[L] Bouciña, A	[V] Chabolas, O	[V] Gurriana, A
[L] Brasileiro, O	[L] Chanqueiro, O	[V] Hilario, O
[L] Brinca, O	[V] Charal, O	[L] Laghocira, A
[L] Brinca, A	[L] Chasco, O	[L] Latonciro, O
[L] Brincatudo, O	[L] Chasca, A	[V] Lavate, O
[L] Búfalo, O	[L] Chico, O	[L] Lobo, O
[V] Buratela, da	[L] Chiscarro, O	[V] Loureiro, O
[V] Burra, O	[L] Chispa, O	[L] Lubicán, O
[V] Burroxó, O	[L] Chispa, A	[L] Maceiras, O
[L] Cabo da Viña, do	[L] Chocolatera, A	[L] Machete, O
[L] Cachucha, A	[L] Chono, O	[L] Machiné, O
[V] Calistra, A	[V] Chousal, O	[L] Machiné, A
[L] Caminitos, O	[L] Chuco, O	[V] Madarnás, O
[V] Campechana, A	[V] Danzante, O	[V] Manante, O
[V] Camurros, Os	[V] Dices, Os	[L] Manducas, O
[V] Canexas, As	[V] Diz, O	[L] Marabillas, O
[L] Cantifios, Os	[V] Dios, O	[V] Maravallas, O
[V] Capitán, O	[V] Diosiño, O	[L] Marcón, O
[V] Carabinera, A	[V] Eiras, Os	[V] Marchenas, O
[V] [L] Carioca, O	[V] Eiro, O	[L] Mariquete, O
[L] Carneira, A	[V] Embudo, O	[V] Marreca, O
[L] Carrapata, A	[L] Esponxa, O	[L] Marruán, O
[L] Carreiola, O	[L] Facundo, O	[L] Marruccas, As
[V] Carrefía, O	[L] Famosa, A	[V] Martifios, Os
[V] Carrilana, A	[V] Fanchuca, A	[V] Mateo, O
[V] Carriza, A	[L] Farroca, A	[L] Mazarocas, O
[L] Carrizo, O	[L] Farroque, O	[L] Mediomundo, O
[L] Carrolla, A	[V] Farruca, A	[V] Megha, O
[L] Carrolo, O	[L] Ferreiro, O	[L] Mcirifas, As
[L] Caseira, A	[L] Fervida, O	[V] Mico, O
[V] Castaño, O	[L] Foghonera, A	[V] Modestia, A

*Aproximación ao estudo formal dos alcumes de Leirado e Vilaverde*

[L] Moucha, A	[V] Popa, O	[V] Sarita, O
[L] Moucho, O	[L] Porranda, A	[V] Seición, A
[L] Nighrán, O	[L] Porrando, O	[V] Sidoria, O
[L] Nigrana, A	[L] Porteliñas, O	[L] Sordas, As
[V] Ouriol, O	[V] Portughés, O	[V] Soutiño, Os
[V] [L] Palancas, O	[V] Portughesa, A	[L] Sueida, A
[V] Pallas, O	[V] Potrellas, O	[L] Sueido, O
[L] Panadeiro, O	[L] Pousa, da	[L] Taberneiro, O
[L] Panadeiros, Os	[L] Pregho, O	[V] Tapón, O
[L] Pantera, A	[V] Prexigheiras, Os	[V] Tavls, O
[V] Pardellas, O	[V] Prexigheiro, O	[V] Tavisas, As
[V] Parranda, O	[V] Pubello, O	[V] Tella, O
[L] Pedreirias, As	[V] Portelas, O	[L] Tiroliro, O
[V] Pedro, O	[V] Porteliñas, As	[V] Tomás, O
[L] [V] Pegho, O	[V] Rachado, O	[V] Toncho, O
[V] Peghote, O	[V] Rachados, Os	[L] Torna, A
[V] Pelicas, O	[L] Ramboia, A	[L] Torniños, Os
[V] Peliquiñas, O	[L] Ramboio, O	[L] Torno, O
[L] Penco, O	[L] Rapidiño, O	[L] Tornos, Os
[V] Pendejó, O	[L] Raposa, A	[L] Toupeira, A
[L] Pequecha, A	[V] Raposeirijo, O	[L] Tourón, O
[L] Perdices, As	[V] Raposeiro, O	[L] Toxal, O
[L] Perdighón, O	[L] Ratiño, O	[L] Varela, O
[L] Perdighóns, Os	[L] Realeiros, Os	[V] Varilo, O
[L] Perdís, A	[V] Repichoscas, As	[V] Varila, A
[L] Perdífs, O	[V] Reuma, O	[L] Vasquida, A
[L] Periquilla, A	[V] Reumas, O	[L] Vasquido, O
[L] Perracha, A	[V] Rexona, A	[L] Vasquidos, Os
[L] Peseta, A	[V] Rico, O	[V] Veigha, O
[L] Peste, A	[L] Rilo, O	[V] Ventura, O
[L] Pexegho, O	[L] Robertos, Os	[L] Verde, O
[L] Pexegha, A	[V] Roña, A	[L] Verghas, O
[L] Pexeghos, Os	[L] Roque, O	[V] Virón, O
[L] Picaretas, O	[L] Roufo, O	[L] Xandocán, O
[V] Picó, O	[L] Ruca, A	[V] Xaneira, A
[L] Pichinchas, O	[L] Ruco, O	[L] Xevonal, O
[L] Pichinchas, A	[L] Sadelinas, As	[V] Xiricas, O
[V] Pilouros, Os	[L] Sandocán, O	[V] Xoana, A
[L] Pinote, O	[L] Santana, O	[V] Xocas, Os
[L] Pisas, O	[L] Santanía, O	[V] Xoque, O
[L] Pisallas, O	[V] Sapeira, A	[V] Xota, A
[V] Pisco, O	[V] Sapeta, A	[V] Xulián, O
[V] Pita, O	[V] Sarghento, A	[L] Zapateira, A
[V] Pitiscas, O	[L] Sarghento, O	[V] Zarabeta, A

Anaír Rodríguez e Xosé Manuel Moo

#### BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez, R., e Xove, X. (2002): *Gramática da lingua galega*, Vigo: Galaxia.
- Bajo Pérez, E. (2002): *La caracterización morfosintáctica del nombre propio*, A Coruña: Toxosoutos.
- Ferreiro, M. (1997): *Gramática histórica galega II. Lexicoloxía*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Freixeiro Mato, X. R. (1998-2000): *Gramática da lingua galega* (3 vols.), Vigo: A Nosa Terra.
- Lázaro Mora, F. A. (1993): «Compatibilidad entre lexemas nominales y sufijos diminutivos», en S. VARELA (ed.): *La formación de palabras*, Madrid: Taurus (pp. 303-315).
- Tato Plaza, F. (1992): «Notas de onomástica a propósito dos alcumes en *A taberna do gallo*», en R. ÁLVAREZ (coord.): *Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro* (vol. I), Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (pp. 361-374).